



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE FACENDA
Dirección Xeral da Función Pública



empregarse
procesos de ingreso

**Proceso selectivo para o ingreso no corpo facultativo superior
da Xunta de Galicia
(subgrupo A1)
escala de enxeñeiros de camiños, canles e portos**

**Primeiro exercicio
(acceso libre)**

OPCIÓN A

NON abra o exame ata que o tribunal llo indique

1 No suposto de que se propuxese unha revisión total da Constitución, o novo texto debería ser aprobado por:

- A) Maioría de 2/3 de ambas Cámaras
- B) Pola totalidade de ambas Cámaras
- C) Por maioría simple de ambas Cámaras conxuntamente
- D) Por maioría simple de cada unha das Cámaras

2 De acordo co artigo 141.1 da Constitución Española, a alteración dos límites provinciais efectuarase por:

- A) O Goberno por Real Decreto
- B) O Congreso mediante lei aprobada por maioría absoluta
- C) Os municipios afectados mediante acordo entre eles publicado nos diarios oficiais correspondentes
- D) As Cortes Xerais por Lei Orgánica

3 De acordo co artigo 134 da CE, o goberno debe presentar ante o congreso os Orzamentos Xerais do Estado, antes de que expiren os anteriores cunha antelación mínima de:

- A) 2 meses
- B) 3 meses
- C) 30 días
- D) 1 mes

4 De acordo co artigo 35 do Estatuto de Autonomía de Galicia, cál das seguintes afirmacións é correcta en relación cos convenios de colaboración con outras Comunidades Autónomas para xestionar e prestar servizos da súa competencia:

- A) A Comunidade Autónoma pode celebrar convenios con outras Administracións Públicas
- B) A sinatura destes convenios deberá ser aprobada polas Cortes Xerais
- C) A sinatura destes convenios deberá ser comunicadas ás Cortes Xerais
- D) A Comunidade Autónoma pode celebrar convenios con outras administracións e comunicará a súa celebración ao Parlamento de Galicia

5 De acordo co artigo 47 do Estatuto de Autonomía de Galicia, pode a Comunidade Autónoma emitir débeda pública?:

- A) Si, previo acordo do Consello da Xunta de Galicia debidamente motivado
- B) Si, previo acordo do Consello da Xunta e para financiar gastos de investimento
- C) Si, previo acordo do Parlamento de Galicia e para financiar gastos de investimento
- D) Non, salvo supostos excepcionais e cando o Ministerio competente en materia de asuntos económicos o autorice

6 De acordo co artigo 24 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, quen ten a facultade de disolver o Parlamento Galego?:

- A) O Presidente da Xunta, previa deliberación do Consello da Xunta
- B) O Presidente da Xunta, previa autorización do Consello da Xunta
- C) O Presidente do Parlamento Galego previa petición do Presidente da Xunta
- D) O Presidente do Parlamento Galego previa petición do Consello da Xunta

7 De conformidade co artigo 102 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, nun procedemento de revisión de oficio dun acto administrativo, transcorrido o prazo de 3 meses sen que se ditase resolución expresa, sinala a opción correcta:

- A) Produciríase a caducidade do procedemento
- B) Entenderíase estimado o acto administrativo por silencio positivo
- C) Entenderíase desestimado o acto administrativo por silencio negativo
- D) Iniciaríase o procedemento de responsabilidade patrimonial sen prexuízo da resolución extemporánea do procedemento administrativo

8 De acordo co artigo 73 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, contra o acordo de acumulación de procedementos entre os que exista identidade substancial e íntima conexión, sinala a opción correcta:

- A) Cabe recurso de alzada no prazo máximo dun mes dende o día seguinte ao da súa notificación aos interesados do acordo de acumulación
- B) Cabe recurso de reposición no prazo máximo dun mes dende o día seguinte ao da súa notificación aos interesados
- C) Poderase interpoñer recurso de súplica ante o órgano superior xerárquico ao que dita o acordo de acumulación de procedementos

D) Non se poderá interpoñer ningún recurso

9 De conformidade co artigo 63.2 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, o defecto de forma dun acto administrativo determinará a súa anulabilidade, sinale a opción correcta:

A) Cando careza de calquera dos requisitos formais establecidos na propia Lei 30/1992, do 26 de novembro

B) Cando poida lesionar dereitos e deberes susceptibles de amparo constitucional

C) Cando de lugar a indefensión dos interesados

D) En todo caso

10 Segundo o disposto no artigo 86.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, no caso de que o órgano ao que lle corresponda a resolución do procedemento acordase un período de información pública, este será de:

A) Non inferior a 30 días

B) Non inferior a 10 días

C) Non inferior a 20 días

D) Como máximo de 30 días

11 De acordo co artigo 43.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, nos casos de desestimación por silencio administrativo, a posterior resolución ditada polo órgano competente, sinalar a opción correcta:

A) Non deberá ditarse resolución administrativa nos supostos nos que transcorrese o prazo máximo para resolver

B) Terá que ser estimatoria

C) Adoptarase pola administración con independencia do senso do silencio administrativo

D) So poderá ditarse resolución expresa nos supostos nos que esta sexa desestimatoria

12 De acordo co artigo 6 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, respecto da delegación de competencias, indique cal das seguintes afirmacións non é correcta:

A) As delegacións de competencias e a súa revogación deberán publicarse no Diario Oficial de Galicia

- B) Salvo autorización expresa dunha lei, non se poderán delegar as competencias que se exerzan por delegación
- C) En ningún caso poderán ser obxecto de delegación as competencias relativas aos asuntos que deban ser sometidos a acordo da Xunta de Galicia, sen prexuízo das competencias do Consello da Xunta cuxo exercicio lles atribúa ás súas comisións delegadas
- D) A resolución de recursos só poderá ser delegada nos órganos administrativos que diten os actos obxecto do recurso cando así o prevexa unha norma con rango de decreto

13 De acordo co artigo 20 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, respecto dos órganos colexiados:

- A) Os membros que discrepen do acordo maioritario deberán abandonar a sesión sen manifestar o seu pronunciamento, se desexan resultar exentos de responsabilidade
- B) Os membros que discrepen do acordo maioritario e desexan resultar exentos de responsabilidade, deberán votar en contra e formular voto particular antes de que o presidente dea por finalizada a sesión, para efectos da súa incorporación á acta
- C) Os membros que discrepen do acordo maioritario non poderán formular voto particular, pois este está reservado para os pronunciamentos dos órganos xurisdicionais
- D) Os membros que discrepen do acordo maioritario poderán formular voto particular por escrito no prazo de corenta e oito horas contado dende o momento no que o presidente dea por finalizada a sesión, que se lle incorporará ao texto aprobado

14 De acordo co artigo 19 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia,

- A) A válida constitución dos órganos colexiados, en primeira convocatoria, requirirá a presenza do presidente e do secretario ou, de ser o caso, daqueles que os substitúan, e da metade, polo menos, dos seus membros
- B) A válida constitución dos órganos colexiados requirirá, en todo caso, a presenza do presidente ou do secretario ou, de ser o caso, daqueles que os substitúan, e da metade, polo menos, dos seus membros
- C) Para a válida constitución dos órganos colexiados será suficiente, con carácter xeral, coa presenza do presidente e do secretario, agás que as súas normas de organización establezan un quórum diferente para a primeira convocatoria
- D) A válida constitución dos órganos colexiados requirirá, en primeira convocatoria, a presenza do secretario ou, de ser o caso, daqueles que os substitúan, e de, cando menos, as dúas quintas partes dos seus membros

15 De acordo co artigo 39 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, as disposicións de carácter regulamentario están sometidas á seguinte xerarquía normativa:

- A) Decretos aprobados polo Consello da Xunta de Galicia, ordes aprobadas polas conselleiras ou polos conselleiros, e, en último lugar, instrucións emitidas polos órganos da Administración xeral de Galicia ou polas entidades instrumentais públicas
- B) Decretos aprobados polo Consello da Xunta de Galicia e, en segundo lugar, ordes aprobadas polas conselleiras ou polos conselleiros
- C) Decretos -lei aprobados polo Parlamento de Galicia, Decretos legislativos e Decretos aprobados polo Consello da Xunta de Galicia e, en último lugar, ordes aprobadas polas conselleiras e polos conselleiros
- D) Decretos -lei aprobados polo Parlamento de Galicia, Decretos legislativos e, en último lugar, Decretos aprobados polo Consello da Xunta de Galicia

16 De acordo co artigo 74 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, as axencias públicas autonómicas son:

- A) Aquelas entidades ás que, para o cumprimento de programas específicos correspondentes a políticas públicas da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, se lles encomenda a realización de actividades en réxime de descentralización funcional e xestión por obxectivos
- B) Aquelas entidades suxeitas ao dereito administrativo, en todo caso, ás que se lles encomenda a realización, consonte con criterios de xestión empresarial, de actividades prestacionais, de xestión de servizos públicos ou de produción de bens de interese público susceptibles de contraprestación
- C) Aquelas entidades cuxa organización e funcionamento se regulan polo dereito administrativo, e se someten ao dereito privado só naqueles casos nos que corresponda de acordo coa normativa xeral ou sectorial aplicable, e que poden exercer actividades de intervención, fomento, xestión de servizos públicos ou apoio á función administrativa en réxime de descentralización funcional
- D) Aquelas entidades constituídas mediante convenio con outras administracións públicas para a xestión de servizos da súa competencia ou para a consecución de fins de interese común, así como con entidades privadas sen ánimo de lucro que persigan fins de interese público concorrentes cos da Xunta de Galicia, para a realización destes

17 De acordo co artigo 74 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, a actuación das axencias públicas autonómicas suxeitarase ao principio e aos mecanismos de xestión transparente por obxectivos, constituídos:

- A) Pola memoria plurianual de actividades, o plan de acción anual, e o informe de actividade
- B) Polo contrato plurianual de xestión, o plan de acción bianual, as instrucións do órgano de adscrición e as contas anuais
- C) Polo contrato plurianual de xestión, o plan de acción anual, o informe de actividade e as contas anuais
- D) Polo contrato bianual de xestión, o orzamento anual de xestión, as memorias de actividade e as auditorías anuais

18 De acordo cos artigos 2 a 4 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro (TRLCSF, en adiante), son contratos do sector público e, en consecuencia, están sometidos á indicada lei:

- A) Os contratos onerosos, calquera que sexa a súa natureza xurídica, que celebren, entre outras, a Administración das Comunidades Autónomas
- B) Os contratos onerosos ou gratuítos, calquera que sexa a súa natureza xurídica, que celebren, entre outros, a Administración das Comunidades Autónomas
- C) Os contratos onerosos, que celebren, entre outras, a Administración das Comunidades Autónomas, e que sexan referentes, entre outras materias, á relación de servizo dos funcionarios públicos
- D) Os contratos onerosos ou gratuítos, que celebren, entre outras, a Administración das Comunidades Autónomas, e que sexan referentes, entre outras materias, á compravenda de bens inmoebles

19 De acordo co artigo 19 do TRLCSF indique cal dos seguintes contratos non ten carácter administrativo:

- A) Os contratos de colaboración entre o sector público e privado celebrados por unha Administración Pública
- B) Os contratos que estean vinculados ao xiro ou tráfico específico da Administración contratante, e non estean expresamente declarados como contratos privados consonte coa referida lei
- C) Os contratos de servizos de seguro celebrados por unha Administración Pública
- D) Os contratos de servizos de transporte por ferrocarril, fluvial e marítimo celebrados por unha Administración Pública

20 De acordo co artigo 24 do TRLCSF indique en cal dos seguintes supostos a execución de obras non se poderá realizar polos servizos da Administración:

- A) Cando a Administración posúa elementos auxiliares utilizables, cuxa utilización supoña algún aforro no orzamento do contrato xunto cunha maior celeridade na súa execución
- B) Cando a Administración teña montados servizos técnicos ou industriais suficientemente aptos para a realización da prestación, suposto no que se deberá utilizar normalmente este sistema de execución
- C) Cando, dada a natureza da prestación, sexa imposible a fixación previa dun prezo certo ou da dun orzamento por unidades simples de traballo
- D) Cando non se teñan recibido ofertas de empresarios na licitación previamente efectuada

21 De acordo co artigo 27 do TRLCSP:

- A) Os contratos que celebren os poderes adxudicadores perfeccionaranse coa súa adxudicación
- B) Os contratos que celebren os poderes adxudicadores perfeccionaranse coa súa recepción
- C) Os contratos que celebren os poderes adxudicadores perfeccionaranse coa súa adxudicación ou a súa recepción, segundo establezan os pregos de cláusulas polos que rexa a respectiva contratación
- D) Os contratos que celebren os poderes adxudicadores perfeccionaranse coa súa formalización

22 De acordo co artigo 9 do TRLCSP:

- A) Os contratos que teñen por obxecto o arrendamento financeiro de produtos ou bens mobles son contratos de subministración
- B) Os contratos que teñen por obxecto o arrendamento financeiro de produtos ou bens mobles son contratos privados
- C) Os contratos que teñen por obxecto o arrendamento financeiro de produtos ou bens mobles son contratos mixtos, e rexeranse polo dereito administrativo se o valor do ben a subministrar ten maior importancia económica que o seu financiamento
- D) Os contratos que teñen por obxecto o arrendamento financeiro de produtos ou bens mobles son contratos de servizos

23 De conformidade co artigo 1 do TRLCSP, sinale a opción incorrecta:

- A) Forman parte do sector público aos efectos do TRLCSP as mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social
- B) Terán a consideración de Administración Pública as universidades públicas

- C) As entidades xestoras e os servizos comúns da Seguridade Social entenderase que forman parte do sector público
- D) Aqueles entes que teñan carácter mercantil sempre que se constitúan cunha achega maioritaria dunha administración pública terán a condición de poder adxudicador

24 De conformidade co artigo 14 do TRLCSP estarán suxeitos a regulación harmonizada aqueles contratos de obras, sinalar a opción correcta:

- A) Aqueles cuxo valor estimado sexa superior a 4.845.000 euros
- B) Aqueles cuxo valor estimado sexa igual ou superior a 4.845.000 euros
- C) Non se aplican as normas da regulación harmonizada nos contratos de obras por lotes separados
- D) As normas da regulación harmonizada aplícanse aos contratos de obras por lotes separados cando estes lotes superen a contía establecida por cada un deles separadamente

25 De acordo co artigo 23 do TRLCSP, en relación coas prórrogas dos contratos administrativos, sinalar a opción correcta:

- A) A prórroga do contrato acordarse polo órgano de contratación e será obrigatoria para o contratista, salvo que expresamente o contrato dispoña o contrario
- B) Os contratos administrativos poderán prorrogarse por acordo tácito ou expreso das partes contratantes ata o período máximo establecido na propia normativa
- C) A prórroga dos contratos acordarase polo órgano xestor ou executor do contrato e será obrigatoria para o contratista en todos os casos
- D) Os contratos administrativos so se poderán prorrogar unha vez por período de igual duración ao período inicial

26 Tendo en conta o artigo 35 do TRLCSP, que efectos produce a declaración de nulidade dos actos preparatorios dun contrato administrativo?:

- A) Implica a declaración de nulidade do mesmo contrato e a liquidación deste
- B) A declaración de nulidade dos actos preparatorios implica a declaración de nulidade da adxudicación e polo tanto procederase a retrotraer as actuacións ao momento no que o acto nulo se producira
- C) A declaración de nulidade dos actos preparatorios implica a declaración de nulidade do contrato cando esta se confirme mediante sentenza xudicial firme
- D) Non ten consecuencias sobre o contrato administrativo sempre que o contrato se elevase a escritura pública correctamente

27 Consonte a Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público, a promoción interna vertical:

- A) Consiste no acceso a corpos ou escalas do mesmo subgrupo profesional, de acordo co disposto no artigo 18 do referido estatuto
- B) Consiste no ascenso dende un corpo ou escala dun subgrupo, ou grupo de clasificación profesional no suposto de que este non teña subgrupo, a outro superior, de acordo co establecido no artigo 18 do referido estatuto
- C) Consiste en valorar a traxectoria e actuación profesional, ao longo da carreira profesional
- D) Articúlase mediante un sistema de graos, categorías ou escalas de ascenso, fixando a remuneración correspondente a cada un deles

28 De acordo co Decreto Lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei da función pública de Galicia, a creación, refundición, modificación ou supresión dos corpos e escalas deberase facer por:

- A) Lei
- B) Decreto
- C) Orde
- D) Convenio

29 Consonte co Tratado da Unión Europea, as institucións da Unión son:

- A) O Parlamento Europeo, o Consello Europeo, a Comisión Europea e o Tribunal de Xustiza da Unión
- B) O Parlamento Europeo, o Consello Europeo, o Consello, a Comisión Europea, o Tribunal de Xustiza da Unión Europea, o Banco Central Europeo, e o Tribunal de Contas
- C) O Parlamento Europeo, o Consello, e a Comisión Europea
- D) O Parlamento Europeo, o Consello de Europa, a Comisión Europea, o Tribunal de Xustiza da Unión Europea, o Banco Central Europeo, e o Comité das Rexións

30 De acordo co artigo 4 do Tratado de Funcionamento da UE, a cal dos seguintes ámbitos principais non está previsto a aplicación da competencia compartida:

- A) Ao medio ambiente
- B) Aos transportes

- C) O espazo de liberdade, seguridade e xustiza
- D) Á conservación dos recursos biolóxicos mariños

31 Supoñendo que nunha estrada autonómica, fora de zona urbana, e pertencente á rede primaria complementaria, a aresta exterior da explanación se atopa a 15 metros do eixo da estrada, e o límite de dominio público a 23 metros do eixo, medidas ambas distancias en horizontal; segundo a Lei 4/94, de estradas de Galicia, a qué distancia do eixo da estrada se establecería a liña límite de edificación?

- A) a 24,5 metros, salvo que o Consello da Xunta estableza, por razóns xeográficas ou socioeconómicas, unha distancia menor
- B) a 25 metros, salvo que o Consello da Xunta estableza, por razóns xeográficas ou socioeconómicas, unha distancia menor
- C) a 27 metros, salvo que o Consello da Xunta estableza, por razóns xeográficas ou socioeconómicas, unha distancia menor
- D) a 32,5 metros, salvo que o Consello da Xunta estableza, por razóns xeográficas ou socioeconómicas, unha distancia menor

32 Segundo establece a Lei 4/94, de estradas de Galicia, nas autoestradas, autovías, corredores e vías rápidas (actualmente vías para automóbiles), o límite exterior da zona de dominio público non poderá sobrepasar, a cada lado da explanación:

- A) os 10 metros de largo
- B) os 12 metros de largo
- C) os 15 metros de largo
- D) os 17 metros de largo

33 No treito urbano dunha estrada da rede autonómica, un concello dispónse a facer obras de acondicionamento nunhas beirarrúas que se atopan no dominio público da dita estrada. Indicar a afirmación correcta, no referente ao réxime de autorizacións, segundo dispón a Lei 4/94, de estradas de Galicia

- A) Por ser unha obra promovida polo concello, e atoparse fora de zona de circulación, non precisa trámites supramunicipais
- B) Non precisa autorización, pero debe notificalo ao titular da estrada con anterioridade ao comezo das obras
- C) Non precisa autorización do titular da estrada, pero si un informe vinculante previo
- D) Debe recabar a autorización do titular da estrada, por atoparse no dominio público desta

34 Segundo o Manuel de Capacidade HCM2000, nunha estrada de dous carrís con dobre sentido de circulación e cunha distribución do tráfico total entre os dous sentidos do 50 %, a capacidade da estrada, en condicións ideais, é como máximo:

- A) 2.000 coches/hora
- B) 2.800 coches/hora
- C) 3.200 coches/hora
- D) 4.000 coches/hora

35 Para determinar o nivel de servizo en estradas convencionais de dous carrís, de clase I (estradas que teñen unha función principal de mobilidade), un dos factores de corrección que se debe utilizar para o cálculo da velocidade media de percorrido é o efecto da anchura da beiravía. A partir de qué anchura da beiravía, este factor é nulo;

- A) Anchura $\geq 1,50$ metros
- B) Anchura $\geq 1,80$ metros
- C) Anchura $\geq 2,00$ metros
- D) Anchura $\geq 2,50$ metros

36 Respecto á coordinación entre elementos de trazado segundo a Instrución de Estradas Norma 3.1-IC, é falso que:

- A) Nunha autovía cando se enlacen curvas circulares consecutivas cunha recta intermedia de 500 metros de lonxitude, o radio da curva circular de saída, no sentido da marcha, será igual ou maior que 700 metros
- B) Nunha estrada C-60 cando se enlacen curvas circulares consecutivas cunha recta intermedia de 500 metros de lonxitude, o radio da curva circular de saída no sentido da marcha, será igual ou maior que 200 metros
- C) Nunha estrada C-80 cando se enlacen curvas circulares consecutivas cunha recta intermedia de 500 metros de lonxitude, o radio da curva circular de saída no sentido da marcha, será igual ou maior que 300 metros
- D) Nunha estrada C-100 non é necesario utilizar curvas de transición para unha curva circular de radio 5.000 metros

37 Respecto as distancias de seguridade establecidas na Instrución de Estradas. Norma 3.1-I.C no caso de que a distancia entre o final dun carril de aceleración e o principio do de desaceleración consecutivo sexa de 1.100 metros, procederase do seguinte xeito:

- A) Uniranse ambos carrís da cambio de velocidade
- B) Proxectarase una vía colectora- distribuidora
- C) Proxectarase un carril adicional no treito afectado da vía principal, conectando ao mesmo ambos carrís de cambio de velocidade
- D) Proxectarase unha vía de servizo

38 Segundo a Instrución de Estradas Norma 5.2-I.C, a fin de facilitar as tarefas de conservación, o diámetro mínimo que debe ter unha obra de drenaxe transversal dunha estrada, se a dita obra ten unha lonxitude de 12 metros, é:

- A) 1.000 mm
- B) 1.200 mm
- C) 1.500 mm
- D) 1.800 mm

39 Respecto das técnicas de mellora do terreo de cimentación, dicir cal destas afirmacións é correcta:

- A) Os mellores resultados para as columnas de grava poden obterse no caso de tratamento de solos cohesivos brandos con resistencias ao corte sen drenaxe situadas entre 15 e 50 KPa
- B) A técnica denominada columnas de grava utilízase para a densificación de solos granulares froxos non cohesivos
- C) Os mellores resultados da técnica de vibrocompactación obtéñense en solos cuio contido de limos e arcillas é superior a un 18 %
- D) A vibroflotación por vía seca (vibrodesprazamento) é unha técnica apropiada se o nivel freático atópase moi superficial

40 Nun desmonte de roca de elevada altura, para evitar o posible desprendemento do paramento do noiro, e a conseguinte caída sobre a plataforma da estrada, dun bloque de mais de 5 toneladas, cal das seguintes medidas de sostemento debe empregarse?

- A) Rede de cables de aceiro
- B) Malla de arame de tripla torsión reforzada con cables
- C) Gunitado
- D) Bulonado.

41 No caso dunha mestura bituminosa en quente, o valor crítico que se debe considerar na correspondente lei de fatiga é o seguinte:

- A) Máxima deformación radial de tracción
- B) Máxima deformación vertical de compresión
- C) Máxima tensión tanxencial de tracción
- D) Máxima tensión vertical de compresión

42 Nunha estrutura de firme composta por mestura bituminosa en quente sobre unha capa de zahorra artificial, para cal dos seguintes espesores de mestura bituminosa teremos un peor comportamento da sección estrutural por fatiga:

- A) 5 cms
- B) 10 cms
- C) 15 cms
- D) 20 cms

43 Segundo o establecido na Instrución de Estradas Norma 6.3-IC, cal destas afirmacións é falsa?

- A) Se as actuacións de conservación ordinaria supuxeran unha afección significativa á vialidade plantearase a necesidade dunha rehabilitación estrutural
- B) A resolución específica dunha inadecuada textura superficial dun treito de estrada levarase a cabo só si se dispón dun adecuado perfil lonxitudinal e transversal, así como dunha suficiente capacidade estrutural do firme
- C) No caso de que se leve a cabo unha actuación de rehabilitación superficial nun pavimento deslizante por pulimento ou por falta de macrotextura, nunha estrada con categoría de tráfico pesado T0, proxectarase un tratamento con mesturas bituminosas discontinuas en quente o un tratamento con lechadas bituminosas
- D) Cando se plantee unha actuación de rehabilitación estrutural, as solucións baseadas na eliminación parcial e reposición do firme existente deberán ser sempre obxecto de estudo nas seccións estruturais de firmes semiflexibles e semiríxidos e nas denominadas flexibles cando o seu espesor de pavimento bituminoso sexa superior a 10 cms

44 Segundo establece a Instrución de Estradas Norma 6.3-IC, nun treito de estradas cun firme flexible e cunha categoría de tráfico pesado T2, entenderase, a efectos prácticos, se non se dispuxera dun estudo específico do treito que demostre o contrario, que o esgotamento estrutural afecta á explanada, non só nas zonas localizadas de blandóns detectados visualmente, se non tamén cando o valor da deflexión patrón nun punto determinado supere o valor de:

- A) 150
- B) 200
- C) 250
- D) 300

45 Segundo establece o artigo 543 do PG-3, para os áridos grosos dunha capa de rodadura drenante (PA) e cunha categoría de tráfico pesado T0, qué especificacións deben cumprir o coeficiente de Los Ángeles (CLA) e o coeficiente de pulimento acelerado (CPA)?

- A) $DLA \leq 15$ e $CPA \geq 50$
- B) $DLA \leq 20$ e $CPA \geq 50$
- C) $DLA \leq 15$ e $CPA \geq 56$
- D) $DLA \leq 20$ e $CPA \geq 56$

46 Segundo establece o PG-3, nun recheo todo-un, o espesor das tongadas será, en todo caso:

- A) Superior a 1,5 veces o tamaño máximo do material a utilizar
- B) Superior a dúas veces o tamaño máximo do material a utilizar
- C) Inferior a 1,5 veces o tamaño máximo do material a utilizar
- D) Superior a un metro

47 Segundo establece o artigo 543 do PG-3, nunha mestura bituminosa en quente discontinua para capas de rodadura, a fracción do árido que pasa polo tamiz 4 mm da UNE-EN933-2 e é retida polo tamiz 2 mm da UNE-EN933-2, será inferior ao:

- A) 8 por 100
- B) 9 por 100
- C) 10 por 100
- D) 11 por 100

48 Segundo establece o artigo 513 do PG-3, nunha capa de solo-cemento, o valor da resistencia media a compresión simple aos sete días será como máximo de:

- A) 6,00 Mpa
- B) 5,00 Mpa
- C) 4,50 Mpa
- D) 3,50 MPa

49 Seguindo o establecido no Prego de Prescricións dos contratos de conservación integral do Ministerio de Fomento, ¿cál das seguintes operacións non é unha actividade de vialidade e si é unha actividade de Conservación Ordinaria e polo tanto terá un tratamento distinto dentro dos sistemas de xestión?

- A) Reparación dun bache que poida representar un perigo para circular
- B) Reparación dun cuarteado do firme, sen deformación significativa
- C) Reparación de exudacións nos firmes asfálticos que poidan ocasionar deslizamentos
- D) Reparación de rodeiras pronunciadas

50 Nun treito de estrada no que se teña que efectuar a miúdo traballos de mantemento da vialidade invernal debido á produción de habituais xeadas e frecuentes nevadas, e no que exista un viaduto singular con tipoloxía mixta (taboleiro de formigón armado e cables de atirantamento), ¿cál dos seguintes fundentes é o mais seguro para evitar deterioros en dita estrutura?

- A) Cloruro cálcico
- B) Urea
- C) Acetato de calcio e magnesio
- D) Acetato de potasio

51 Respecto aos tratamentos efectuados nos traballos de vialidade invernal e aos fundentes utilizados, cál das seguintes afirmacións non é correcta?

- A) Nun tratamento preventivo, nunha zona de elevada intensidade de tráfico, o fundente debe ser estendido prehumidificado ou en forma de salmoira, e en ningún caso en forma sólida
- B) Na prehumidificación dos fundentes sólidos poderán utilizarse salmoiras ou auga soa
- C) Nos tratamentos curativos os fundentes utilízanse en forma sólida, aínda que se están empezando a utilizar en forma de salmoira
- D) O fundente en forma de salmoira permanece un maior tempo sobre a calzada que o fundente en forma sólida

52 No suposto dunha autovía, con beiravías exteriores de 2,5 metros de ancho, si un cartel lateral está colocado de maneira que o seu borde máis próximo á plataforma dista 3,00 metros do borde exterior da calzada e o seu borde inferior está a unha altura de 1,80 metros respecto á cota da calzada, ¿qué se pode afirmar respecto ao cumprimento dos criterios de implantación de posición transversal e altura que establece a Norma 8.1-IC de Sinalización Vertical?

- A) Cumpre ambos criterios
- B) Cumpre o criterio de posición transversal pero non o de altura
- C) Cumpre o criterio de altura pero non o de posición transversal
- D) Non cumpre nin o criterio de posición transversal nin o de altura

53 A selección da clase de material mais idónea para cada aplicación de marcas viais levarase a cabo partindo da determinación do "Factor de desgaste", que é o valor resultante da suma dos valores individuais asignados a catro características da estrada. ¿Cáles son estas catro características que establece o PG-3?

- A) Situación da marca vial; textura superficial do pavimento; tipo de vía e ancho da calzada e IMD
- B) Situación da marca vial; tipo de pavimento; categoría do tráfico pesado e tipo de vía e ancho da calzada
- C) Zona térmica estival; textura superficial do pavimento; tipo de vía e ancho da calzada e categoría de tráfico pesado
- D) Zona térmica estival; situación da marca vial; tipo de pavimento e IMD

54 A Orde Circular 28/2009 "sobre criterios de aplicación de barreiras de seguridade metálicas" proporciona un criterio orientativo de selección do nivel de contención para cada tipo de accidente en función da intensidade media de vehículos pesados.

¿Qué nivel de contención se recomenda na dita Orde Circular en barreiras de seguridade metálicas para un risco de accidente grave (segundo definición dada na propia O.C) se a intensidade media de vehículos pesados, IMD_p , ten un valor comprendido entre $400 \leq IMD_p < 5.000$?

- A) N2
- B) H1
- C) H2
- D) H3

55 Segundo establece a Instrución de accesos nas estradas convencionais de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia (Orde Circular 3/2007, redactada pola Dirección Xeral de Obras Públicas da Consellería de P.T.O.P e T), ¿en cál dos seguintes supostos, e sempre que exista visibilidade de cruce, non será necesario un carril central de espera para permitir os xiros á esquerda en accesos públicos a o desde estradas convencionais?

- A) IMD vía principal = 2.200 vehículos, e IMD vía secundaria = 525 vehículos
- B) IMD vía principal = 3.500 vehículos, e IMD vía secundaria = 270 vehículos
- C) IMD vía principal = 4.400 vehículos, e IMD vía secundaria = 210 vehículos
- D) IMD vía principal = 4.100 vehículos, e acceso, que sen minguar a capacidade da estrada, sirva a unha actividade industrial, próxima á estrada, que xere un tráfico de pesados rixidos de 40 vehículos/día

56 O Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos do sector público, e aos efectos de elaboración dos proxectos, establece que se clasificaran as obras, segundo o seu obxecto e natureza, en catro grupos. Indique a clasificación correcta:

- A) 1-obras de primeiro establecemento, reforma ou gran reparación. 2-obras de reparación simple, restauración ou rehabilitación. 3-obras de conservación e mantemento. 4-obras de demolición
- B) 1-obras de primeiro establecemento, reforma ou reparación. 2-obras de restauración ou rehabilitación. 3-obras de conservación e mantemento. 4-obras de demolición
- C) 1-obras de primeiro establecemento. 2-obras de reforma ou gran reparación. 3-obras de rehabilitación e conservación. 4-obras de demolición
- D) 1-obras de primeiro establecemento. 2-obras de reforma, reparación e restauración. 3-obras de rehabilitación e conservación. 4-obras de emerxencia

57 Segundo dispón o Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos do sector público, respecto aos Pregos de Prescricións Técnicas, ¿Cál das seguintes afirmacións é correcta?

- A) O órgano de contratación aprobará con anterioridade á autorización do gasto e sempre antes da licitación do contrato, os pregos e documentos que conteñan as prescricións técnicas particulares
- B) O órgano de contratación aprobará con anterioridade á autorización do gasto ou conxuntamente con ela os pregos e documentos que conteñan as prescricións técnicas particulares
- C) O órgano de contratación aprobará con anterioridade á licitación do contrato, ou de non existir esta, antes da súa adxudicación, os pregos e documentos que conteñan as prescricións técnicas particulares

- D) O órgano de contratación aprobará con anterioridade á autorización do gasto ou conxuntamente con ela, e sempre antes da licitación do contrato, ou de non existir esta, antes da súa adxudicación, os pregos e documentos que conteñan as prescricións técnicas particulares

58 O programa TES+BUS:

- A) Pretende fomentar o uso do transporte público colectivo en todo o territorio de Galicia
- B) Pretende fomentar o uso do transporte público colectivo en zonas rurais de Galicia
- C) Pretende fomentar o uso do transporte á demanda en zonas rurais de Galicia
- D) Pretende fomentar o uso do transporte público colectivo nas áreas de implantación do Plan de Transporte Metropolitano de Galicia

59 En virtude do artigo 1 da Lei 5/2009, de 26 de novembro, de medidas urxentes para a modernización do sector do transporte público de Galicia, os concesionarios dos servizos regulares de uso xeral permanentes de transporte público de viaxeiros por estrada...

- A) ...deberán aplicar o Plan de modernización das ditas concesións, sen excepción
- B) ...deberán aplicar o Plan de modernización das ditas concesións e rebaixar un 7% a facturación do transporte escolar, a cambio dunha prórroga de dez anos na vixencia da concesión, agás aqueles que comuniquen expresamente ter decidido non incorporarse ao Plan
- C) ...deberán aplicar o Plan de modernización das ditas concesións a cambio dunha prórroga de dez anos na vixencia da concesión, sen excepción
- D) ...deberán aplicar o Plan de modernización das ditas concesións a cambio dunha prórroga de dez anos na vixencia da concesión, agás aqueles que comuniquen expresamente ter decidido non incorporarse ao Plan

60 Segundo o establecido no Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos do sector público, no que se refire á modificación dos contratos, é falso que:

- A) As modificacións non previstas nos pregos ou no anuncio de licitación non poderán efectuarse en ningún caso
- B) As modificacións do contrato non poderán realizarse co fin de adicionar prestacións complementarias ás inicialmente contratadas
- C) As modificacións do contrato non poderán ampliar o obxecto do contrato a fin de que poida cumprir finalidades novas non contempladas na documentación preparatoria do mesmo

- D) As modificacións do contrato non poderán incorporar unha prestación susceptible de utilización ou aproveitamento independente

61 Cumpríndose todos os demais requisitos do procedemento, nas modificacións dos contratos, ¿en cál dos seguintes casos será preceptivo o informe do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma respectiva?

- A) Cando a súa contía, illada ou conxuntamente, sexa superior a un 10 por cento do prezo primitivo do contrato, cando este sexa igual ou superior a 5.000.000 de euros
- B) Cando a súa contía, illada ou conxuntamente, sexa superior a un 20 por cento do prezo primitivo do contrato, cando este sexa igual o superior a 6.000.000 de euros
- C) Cando a súa contía, illada ou conxuntamente, sexa superior a un 10 por cento do prezo primitivo do contrato, cando este sexa igual o superior a 6.000.000 de euros
- D) Cando a súa contía, illada ou conxuntamente, sexa superior a un 20 por cento do prezo primitivo do contrato, cando este sexa igual o superior a 5.000.000 de euros

62 No referente á execución dos contratos de obra, os pregos ou o documento contractual poderán prever penalidades ao contratista que deberán ser proporcionais á gravidade do incumprimento e a súa contía non poderá ser superior ao:

- A) 5 por cento do presuposto do contrato
- B) 10 por cento do presuposto do contrato
- C) 15 por cento do presuposto do contrato
- D) 20 por cento del presuposto do contrato

63 No que se refire ao pago do prezo na execución dos contratos de obra, a partir de qué demora da Administración no pago, o contratista ten dereito a resolver o contrato e ao resarcimento dos prexuízos que como consecuencia de elo se lle orixinen:

- A) Se a demora fose superior a 4 meses
- B) Se a demora fose superior a 6 meses
- C) Se a demora fose superior a 8 meses
- D) Se a demora fose superior a 12 meses

64 En referencia ao cumprimento do contrato de obras, a lexislación de contratos do sector público establece que si a obra arruínase con posterioridade á expiración do prazo de garantía por vicios ocultos da construción, debido ao incumprimento do contrato por parte do contratista, responderá este dos danos e prexuízos que se manifesten durante un prazo de:

- A) 10 anos a contar dende a recepción
- B) 10 anos a contar dende o remate do prazo de garantía
- C) 15 anos a contar dende a recepción
- D) 15 anos a contar dende o fin del prazo de garantía

65 Os subsistemas de natureza estrutural que son obxecto das Especificacións Técnicas de Interoperabilidade son, consonte o anexo II do Real decreto 1434/2010, de 5 de novembro, sobre interoperabilidade do sistema ferroviario da Rede Ferroviaria de Interese Xeral:

- A) Infraestrutura, Enerxía, Control- mando e sinalización en terra, Control- mando e sinalización a bordo, e Material rodante
- B) Infraestrutura, Superestrutura, Enerxía, Control- mando e sinalización, e material rodante
- C) Infraestrutura, Vía, Enerxía, Control- mando e sinalización en terra, Control- mando e sinalización a bordo, e Material rodante
- D) Non existe a categoría "de natureza estrutural" dentro dos subsistemas do Real decreto 1434/2010

66 Nun cruzamento, a prolongación dun carril en dirección paralela á doutro carril, co cal se cruza o primeiro, denomínase:

- A) Contracarril
- B) Pata de lebre
- C) Corazón
- D) Pata de cabra

67 Entre as vantaxes da vía en placa, fronte á vía con balastro, figuran as seguintes:

- A) Ten mantemento e reparacións máis sinxelos, e proporciona unha rodaxe máis uniforme
- B) Soporta maiores cargas por eixe, e é menos ruidosa
- C) Diminúe a presión exercida sobre a plataforma, e ten menor custo de construción
- D) Ten un menor custo de mantemento, e proporciona unha rodaxe máis uniforme

68 Sinale cal dos seguintes enunciados é correcto:

- A) A auscultación ultrasónica de puntos singulares como desvíos e aparellos de dilatación non se pode realizar empregando o tren ultrasónico, polo que se recorre á auscultación dinámica
- B) A auscultación xeométrica da vía pódese realizar nun intervalo de velocidades de entre 70 e 200 km/h, mentres que o vehículo auscultador habitual do desgaste ondulatorio realiza a auscultación a unha velocidade de 20 km/h
- C) O vehículo auscultador do desgaste ondulatorio realiza a súa tarefa a unha velocidade de 50 km/h, e abrangue lonxitudes de onda entre 1,5 cm e 6 m
- D) Ningún dos enunciados é correcto

69 Nunha mestura bituminosa con marcado CE, a determinación da adhesividade árido- ligante realizarase mediante o ensaio de:

- A) Inmersión- compresión (NLT-161)
- B) Sensibilidade á auga (UNE-EN-12697/12)
- C) Dosificación Marshall (NLT-159)
- D) Deformación en pista UNE-EN-12697/22

70 Segundo establece o PG-3, no que se refire ás especificacións da unidade rematada, nunha capa de rodadura executada cunha mestura tipo BBTM11B (anteriormente denominada M-10), os valores mínimos da macrotectura superficial (en mm) e da resistencia ao deslizamento (CRT mínimo en %), serán os seguintes:

- A) Macrotectura superficial; 1,1 CRT:60
- B) Macrotectura superficial; 1,1 CRT:65
- C) Macrotectura superficial: 1,5 CRT: 60
- D) Macrotectura superficial; 1,5 CRT: 65

71 Segundo establece o PG-3, no que respecta aos criterios de aceptación ó rexeite, no caso de que nunha capa de rodadura executada cunha mestura bituminosa descontínua, o resultado medio do ensaio de determinación da resistencia ao deslizamento resulte inferior ao noventa e cinco por cento (95 %) do valor mínimo establecido no mesmo, procederase da seguinte maneira:

- A) Estenderase unha nova capa de rodadura por conta do contratista
- B) Demolerase a capa, retirarase a vertedoiro e repoñerase a mesma por conta do contratista

- C) Aplicarase unha penalización económica de contía igual á valoración das actuacións de correccións necesarias
- D) Aplicarase unha lechada bituminosa por conta do contratista

72 A oscilación de orixe cinemática que describe un eixe montado de ferrocarril cando circula libre pola vía e é desprazado lateralmente da súa posición centrada respecto da vía, coñécese como:

- A) Movemento de vaivén
- B) Movemento de lazo
- C) Movemento helicoidal
- D) Pseudodeslizamento

73 As tensións de funcionamento habituais nos ferrocarrís non urbanos de tracción eléctrica en España son:

- A) 3.000 V de c.c. e 15.000 V de c.a. a 50 Hz
- B) 1.500 V e 3.000 V de c.c
- C) 1.500 V de c.c. e 15.000 V de c.a. a 50 Hz
- D) 3.000 V de c.c. e 25.000 V de c.a. a 50 Hz

74 Sinale o enunciado correcto, relacionado co sistema ERTMS:

- A) O sistema ERTMS é o resultado da unión do sistema de control ferroviario ETCS e o estándar de telecomunicacións UMTS
- B) O sistema ERTMS é o resultado da unión do sistema de control ferroviario ETCS e o GSM-R, derivación ferroviaria do estándar civil de telecomunicacións GSM
- C) O sistema ERTMS é o resultado da unión do sistema de sinalización de cabina TVM e o estándar de telecomunicacións UMTS
- D) O sistema ERTMS é o resultado da unión do sistema de sinalización de cabina TVM e o GSM-R, derivación ferroviaria do estándar civil de comunicacións GSM

75 De acordo co establecido exclusivamente no artigo 4.3 do Regulamento (CE) 1370/2007 do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro, sobre os servizos públicos de transporte de viaxeiros por ferrocarril e estrada e polo que se derrogan os regulamentos (CEE) 1191/69 e (CEE) n.º 1107/70 do Consello, a duración do contrato de servizo público non poderá superar:

- A) os 15 anos para os servizos de autobús, e 10 anos para os servizos de transporte de viaxeiros en modos ferroviarios
- B) os dez anos, tanto para os servizos de autobús como de transporte de viaxeiros en modos ferroviarios
- C) os dez anos para os servizos de autobús, e 15 anos para os servizos de transporte de viaxeiros en modos ferroviarios
- D) os 15 anos para os servizos de autobús, e 22,5 anos para os servizos de transporte de viaxeiros en modos ferroviarios

76 Consonte coa Directiva 2000/60/CE:

- A) Os plans hidrolóxicos de conca revisaranse e actualizaranse a máis tardar dez anos despois da entrada en vigor da propia directiva, e posteriormente cada seis anos
- B) Os plans hidrolóxicos de conca revisaranse e actualizaranse a máis tardar quince anos despois da entrada en vigor da propia directiva, e posteriormente cada seis anos
- C) Os plans hidrolóxicos de conca revisaranse e actualizaranse a máis tardar dez anos despois da entrada en vigor da propia directiva, e posteriormente cada dez anos
- D) Os plans hidrolóxicos de conca revisaranse e actualizaranse a máis tardar seis anos despois da entrada en vigor da propia directiva, e posteriormente cada seis anos

77 De acordo co artigo 6 do TRLA (Texto Refundido da Lei da Augas), as marxes das ribeiras dos cauces públicos estarán suxeitos a unha zona de servidume de:

- A) 10 metros
- B) 2 metros
- C) 1 metro
- D) 5 metros

78 Consonte ao artigo 101 do TRLA, ¿cál é o período máximo de vixencia dunha autorización de vertido?:

- A) 10 anos
- B) 3 anos
- C) 5 anos
- D) 2 anos

79 Quén fixa o ámbito territorial das demarcacións hidrográficas, de acordo co establecido no artigo 16 bis do TRLA?:

- A) Cada Comunidade Autónoma cando as augas discorran integramente polo seu territorio
- B) O Goberno por Real Decreto cando as augas discorran polo territorio de mais dunha Comunidade Autónoma
- C) O Goberno por Real Decreto, oídas as Comunidades Autónomas
- D) O Goberno por Real Decreto de acordo coas directrices establecidas pola UE

80 De acordo coa Lei do Plan hidrolóxico nacional (Art. 3), entenderase por acuífero compartido:

- A) Unidade hidroxeolóxica situada nos ámbitos territoriais de dous ou máis Plans de cuenca
- B) Unidade hidroxeolóxica situada nos ámbitos territoriais de dúas ou máis Comunidades Autónomas
- C) Unidade hidrolóxica situada nos ámbitos territoriais de tres ou máis Plans de cuenca
- D) Unidade hidrolóxica situada nos ámbitos territoriais de dúas Comunidades Autónomas

